

Galicia. A nosa vida en dixital.

A Sociedade da
Información nos fogares
galegos



Resumo Executivo
Edición 2020



XUNTA
DE GALICIA



Contidos



Introdución



Situación Actual e Evolución dos
Indicadores



Resultados Principais

Factores inflúen no uso das TIC



Análise DAFO

Introdución



OBXECTIVOS

- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no Plan Galego de Estatística 2017-2021



MARCO

- **Metodoloxía e recollida de datos:**
 - IGE, a través da inclusión de indicadores sobre as TIC na “Enquisa estrutural a fogares. Ano 2020” (ECV –IGE)
- **8.028 entrevistas en fogares e 16.682 enquisas a persoas** de 16 a 74 anos de idade.
- **Procesamento estatístico e análise:** Amtega–OSIMGA



FONTES DE INFORMACIÓN

- **Evolución Anos 2017 -2018 -2019 -2020:**
 - Con carácter xeral, comparativas cos datos dispoñibles nas edicións previas realizadas polo IGE para harmonizar datos evolutivos, empregando nestas catro edicións a mesma metodoloxía
- **Comparativa co contorno:**
 - Indicadores estatais: INE
 - Indicadores europeos: Eurostat



Situación Actual e Evolución dos Indicadores



INTERNET

O 90,3% dos fogares galegos teñen Internet contratado, un 2,5% máis que en 2019

EVOLUCIÓN DO INDICADOR

No período 2017-2020, o incremento de fogares galegos con Internet foi do 7,4% fronte ao 4,6% da media europea.

Crecemento significativos nos concellos rurais nese período:

+14% nos concellos con < 5.000 hab.

+18% nos concellos entre 5.001 e 10.000 hab.



USUARIOS

En 2020, a porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses incrementouse en Galicia un 2,5% respecto ao ano anterior e sitúase no 87,7%


INCREMENTO DIXITALIZACIÓN ENTRE AS PERSOAS MAIORES

Incremento significativo do nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: O 53% xa son usuarios de Internet fronte ao 21% do ano 2015, o que representa un incremento do 152% no período 2015-2020






Principais Resultados



Internet

Fogares con Internet contratado

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




O 90,3% dos fogares galegos contan con Internet contratado
Incremento no período 2017 - 2020
Galicia: 7,4% España: 14,4% UE: 4,6%

A evolución de fogares con Internet contratado en Galicia presenta un ascenso superior ao observado a nivel europeo, rexistrando un incremento do 7,4% no período 2017-2020 fronte ao 4,6% de aumento da media europea

Velocidade de conexión superior aos 30 Mbps no fogar

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)



O 58,4% dos fogares galegos con conexión a internet contan cunha velocidade contratada superior aos 30 Mbps,
Incremento no período 2017 – 2020: 82,5%

A porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet contratada superior a 100 Mbps triplicouse no período 2017 a 2020, situándose no 27,2% fronte ao 9,9% que rexistraba no ano 2017.




Uso das TIC

O 58,5% dos galegos/as adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet, que supón un crecemento do 12,5% no último ano.

Os mozos/as con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos acadan a maior porcentaxe de compra a través de Internet (88,6%)


Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo grupos de idade



eAdministración

Persoas que interactuaron coas AAPP por Internet nos últimos 12 meses para obter información

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet)



Incremento no período 2017 - 2020
Galicia: 11,3%. España: 5,5%. UE: 8%

A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP por Internet nos últimos doce meses para obter información foi do 75% no ano 2020, cun incremento do 6,2% no último ano.

Os indicadores de eAdministración na cidadanía galega continúan a superar os valores estatais e europeos

Interaccionou coas AAPP por Internet nos últimos 12 meses para descargar documentos xerados polas Administracións a petición do cidadán


(notificacións, certificados, resgardos de presentacións ou pagamento, títulos, resolucións, etc.)

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet)




O tipo de interacción coas AAPP que máis se incrementou o último ano foi a descarga de documentos xerados polas propias administracións a petición do cidadán, que experimentou un crecemento do 18% e sitúase no 61,8%.






Factores que inflúen no uso das TIC



Factores que inflúen no uso das TIC: IDADE

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España



O 99,3% dos/as mozos/as galegos/as indican que se conectaron a Internet nos últimos tres meses.


A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia converxe coa media estatal.

Cabe salientar o incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: O 53% xa son usuarios de Internet fronte ao 46,9% do ano anterior, o que representa un incremento do 13% no último ano. Considerando o período 2015-2020, o crecemento no uso de Internet neste colectivo foi do 152%.

Factores que inflúen no uso das TIC: FORMACIÓN

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo grupos de idade

(% sobre o total de pessoas de 16 a 74 anos)




O nivel formativo dos/as galegos/as é determinante en todos o indicadores TIC pero, relaciónase particularmente coas compras a través de Internet: máis do 84% dos galegos/as con formación universitaria compran a través da Rede.



Factores que inflúen no uso das TIC: INGRESOS MENSUAIS

Fogares con ordenadores segundo volume de ingresos do fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




A presenza de ordendores no fogar (portátil, sobremesa, tablet,...) crece de modo paralelo aos ingresos, chegando a acadar o 94,7% nos fogares con ingresos mensuais superiores aos 3.500 euros mensuais

Factores que inflúen no uso das TIC: CONVIVENCIA CON NENOS

A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo na dixitalización do fogar


Fogares ordenadores segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fogares con internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74)




Factores que inflúen no uso das TIC: HÁBITAT

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses


Persoas que utilizaron Internet en los últimos tres meses segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat. Nos concellos de máis de 50.000 habitantes, supera amplamente a media galega (87,7%) e acada unha porcentaxe do 92,1%.

Cabe salientar, especialmente, o incremento do 8,7% no uso de Internet experimentado polos concellos de ata 5.000 habitantes no último ano.



Análise DAFO



FORTALEZAS

Continúa a evolución positiva dos principais indicadores TICs e a converxencia paulatina coa media estatal e europea.

Impulso dos indicadores de dixitalización entre os colectivos que, tradicionalmente, presentaban unha menor inclusión dixital (persoas maiores ou residentes no rural).

Vantaxe no uso da eAdministración en Galicia.

O 99,6% dos fogares con nenos en idade escolar contan con conexión a internet.



DEBILIDADES

A dificultade para a mellora das redes e conexións en zonas afectadas polo despoboamento e a dispersión



OPORTUNIDADES

Estratexia Dixital Galicia 2030: actuacións para configurar un futuro dixital para tod@s

Desenvolvemento dun marco de competencias dixitais para a cidadanía

Despregamento das redes 5G

Desenvolvemento dunha Administración Intelixente, con servizos proactivos, inclusiva e personalizada para a cidadanía, accesible 24 horas dende calquera dispositivo en mobilidade.



AMEAZAS

Os usos máis avanzados de internet demandan formación para protexerse ante os riscos no ciberespazo.

